

A nosa ref: 2 – Secretaría Xeral/convocatoria
Expediente: 2025/G010/000018- 2025/G003/001435

Notifícolle que a Sra. alcaldesa, con data 26-12-2025, ditou a resolución número 1316/2025 que se transcribe a seguir:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

En uso das atribucións que me son conferidas no artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 97 do Regulamento orgánico municipal,
RESOLVO:

Primeiro.- Convocar sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal para o martes 30 de decembro de 2025, ás 11:00 horas, coa seguinte orde do día:

- 1º Pronunciamento do Pleno respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 95.2 do Regulamento orgánico municipal
- 2º Proposta relativa á aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 4/2025 (2ª fase)
- 3º Proposta de recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 147.324,14 euros

A urxencia da convocatoria vén motivada en canto ao 2º punto da orde do día pola necesidade de presentar a solicitude de participación no POS+ Adicional 4/2025 (2ª fase) da Deputación Provincial da Coruña antes das 15.00 horas do día 30 de decembro de 2025, sen que fora posible convocar con anterioridade este pleno ao non estar o expediente concluído. A urxencia do 3º punto da orde do día vén motivada na necesidade de non atrasar máis o aboamento de facturas competencia de pleno, cuxo expediente xa está concluído.

Segundo.- Notificar aos señores concelleiros e concelleiras que integran a corporación”.

Cambre, na data da sinatura dixital

O secretario accidental
Fernando Manuel Garrido Negreira

Taboleiro